



ACUATLON

CIDADE DE NARON

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA

Organiza

*AD Náutico de Narón.
Concello de Narón.
Federación Galega de Triatlón e P.M.*

Datos deportivos da proba

A proba rexeráse polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Triatlón e P.M. e Federación Española de Triatlón.

Data de celebración

Sábado, 20 de Setembro de 2025.

Lugar de celebración e localización:

*Paseo Marítimo de Xuvia – NARÓN
Localización: 43° 30' 54.44" N – 8° 09' 23.14" O*

Programa

<i>15:00</i>	<i>Apertura de Secretaría e entrega de dorsais</i>
<i>16:00</i>	<i>Saída Proba Absoluta</i>
<i>16:45</i>	<i>Saída Cadete, Xuvenil e Júnior- Circuito Súper sprint</i>
<i>17:15</i>	<i>Saída Infantil</i>
<i>17:35</i>	<i>Saída Alevín</i>
<i>17:50</i>	<i>Saída Benxamín</i>
<i>18:00</i>	<i>Carreira a pé NON competitiva Prebenxamíns</i>
<i>18:15</i>	<i>Entrega de premios.</i>



Probas, Categorías e Distancias

Categorías M/F/inclusiva**	Anos	Natación	Carreira a pé
<i>Benxamín:</i>	<i>2016-2017</i>	<i>100m</i>	<i>500m</i>
<i>Alevín</i>	<i>2014-2015</i>	<i>200m</i>	<i>1000m</i>
<i>Infantil</i>	<i>2012-2013</i>	<i>300m</i>	<i>1500m</i>
<i>Cadete</i>	<i>2010-2011</i>	<i>500m</i>	<i>2500m</i>
<i>Xuvenil</i>	<i>2008-2009</i>	<i>500m</i>	<i>2500m</i>
<i>Júnior</i>	<i>2006-2007</i>	<i>500m</i>	<i>2500m</i>
<i>Absoluta</i>	<i>2007 e anteriores*</i>	<i>1000m</i>	<i>5000m</i>
<i>Sub23</i>	<i>2002 a 2005</i>	<i>1000m</i>	<i>5000m</i>
<i>Veterano 1</i>	<i>1976 a 1985</i>	<i>1000m</i>	<i>5000m</i>
<i>Veterano 2</i>	<i>1966 a 1975</i>	<i>1000m</i>	<i>5000m</i>
<i>Veterano 2</i>	<i>1976 e anteriores</i>	<i>1000m</i>	<i>5000m</i>
<i>Prebenxamíns</i>	<i>2018 a 2020</i>	<i>...</i>	<i>300m</i>

*O título de campionato galego junior outorgarase na proba súper sprint.

** Para optar á categoría inclusiva deberá acreditarse a discapacidade superior ao 33%

Inscricións

Apertura de inscricións venres 1 de agosto ás 10:00 horas, ata o Martes 16 de setembro ás 23:59 h.

A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón, www.fegatri.org, no apartado competicións/inscricións.

Prezos inscricións:

Campionato Galego Absoluto Estándar: 10,00 €.

Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, Júnior: Gratuita

Accederase a través do apartado competicións, picando en competicións/inscricións e accedendo á carreira de referencia.

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

a) Clubs

Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón “inscrición” e introducirase o código do club e a contrasinal.

b) Deportistas con licenza nacional de triatlón

Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario.

c) Deportistas con licenza temporal de 1 día (non federados- non optan a título). O custe do trámite da dita licenza será de 20,00€/ 6,00€ menores ata xuvenís de 2009. O importe da licenza sumarase á cota da inscrición:

Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario de deportistas con licenza temporal de 1 día.

Será imprescindible, para que a inscrición das persoas que non posúan licenza de triatlón en vigor sexa válida, enviar: - A copia do DNI en vigor e documento de protección de datos que poden descargar na seguinte ligazón <https://fegatri.org/wp->



<content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx> a través da plataforma de inscricións á Federación (fegatri@hotmail.com) subíndoo no apartado correspondente.

A organización proporcionará un chip a tod@s os participantes que deberán de devolver unha vez acaba a proba, a devolución do mesmo, será responsabilidade do deportista.

Baixas e política de devolucións

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico: fegatri@hotmail.com, antes do fin do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións. As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán abonadas na semana seguinte á celebración da proba. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) finalizado o prazo de inscrición, serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación de listas de inscrición:

Publicación de listaxe provisional: o mércores anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamacións cando na listaxe dáse algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en prazo que non aparecen dadas na listaxe,...) É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación de lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e non admite cambios)

Premios e clasificacións

Premios:

Medalla/Trofeo aos tres primeiros/as de cada categoría do Campionato Galego e aos tres primeiros clubs de acordo aos regulamentos FEGATRI.

Premios proba Absoluta:

Clasificación	Premios
1º e 1ª clasificados	Trofeo e 120 €
2º e 2ª clasificados	Trofeo e 80 €
3º e 3ª clasificados	Trofeo e 40 €

Regulamentos e Normativas

A proba rexerase polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlon e Federación Española de Tríatlon.

Información

Email: nauticonaron@gmail.com

